


THE RAPANTS

The Rapants leva os últimos directos da xira *La Máquina del Buen Rollo* a Barcelona, León, Madrid e Valladolid

As entradas para os concertos, enmarcados na iniciativa *Artistas en ruta* e que comezan o vindeiro venres 19, xa están á venda en www.therapants.es



Samuel, Matías, Xaquín e Xanma son The Rapants © Andrea Sánchez

Muros, 10 de setembro de 2025.- The Rapants levará *La máquina del buen rollo* por distintos puntos da Península Ibérica antes de apagar, para sempre, o seu motor. Logo de ofrecer case 30 concertos no que vai de ano, os muradáns visitarán, entre outras, as cidades de León, Barcelona, Valladolid e Madrid da man da iniciativa AIE - Artistas en Ruta.

Desde o inicio da xira de 2025 (24 de xaneiro, Inverfest), o cuarteto de Muros ofreceu actuacións memorables en citas como O Son do Camiño, Atardecer no Gaiás -o directo máis multitudinario da historia do recinto- ou as Festas da Peregrina, en Pontevedra. Mais antes de botar o pano e gardar os instrumentos até o ano que vén, The Rapants visitará, con **AIE n Ruta** -e co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias

THE RAPANTS

Culturais (Agadic)-, **León** (19 de setembro), **Barcelona** (25 de outubro, en colaboración con Indie Cool Tour), **Valladolid** (13 de novembro) e **Madrid** (15 de novembro). As entradas desta xira por salas xa están á venda a través da páxina web www.therapants.es

Ademais destes concertos previstos para o outono en salas de fóra de Galicia, The Rapants ofrecerá as derradeiras actuacións desta xira en distintas localidades galegas e asturianas. É o caso, entre outras, da cita que terán **este xoves co Festival Revenidas en Vilaxoán**; mais tamén en Baiona (Festival Peregrino), O Barco (Festas do Cristo), Castropol (El Pueblo), Lugo (Caudal Fest) e Chantada (O Castañazo, na que será a última cita rapante do ano en Galicia).

XIRA POR SALAS - THE RAPANTS con AIEnRuta

19.09, León | El Gran Café
25.10, Barcelona | Club Sauvage
13.11, Valladolid | El desierto rojo
15.11, Madrid | Camping Osuna

Máis información e entradas en www.therapants.es

Accede ao [kit de prensa](#) de The Rapants

Contacto de prensa The Rapants

Lucía Pita | The Office Comunicación
675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es